

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 3 de novembro de 2010**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. Eudasio Álvarez Álvarez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dezasete minutos do día tres de novembro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1.763).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Ratifícase a urxencia por todos os presentes

**2(1.764).- MODIFICACIÓN DOS APARCADOIROS SOTERRADOS DAS RÚAS JENARO DE LA FUENTE E CASTELAO. EXPTE. 3054/421.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do 17-09-2010 da técnica de Admon. Xeral do departamento de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, visto o informe da Asesoría Xurídica de data 8 de outubro de 2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Estimar as alegacións ós informes dos servizos de Electromecánicos e Montes, Parques e Xardíns, formuladas por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., adxudicataria do lote-2 da concesión de servizo público de seis aparcadoiros subterráneos de uso mixto, en escrito de data 14-07-2010.

2º.- Aprobar os proxectos modificados dos aparcadoiros soterrados sitos nas rúas Jenaro de la Fuente e avenida Castela, correspondentes o lote-2 da concesión de servizo público de seis aparcadoiros subterráneos de uso mixto, redactados polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Pablo Couto López, e visados no colexio oficial, con visados nº- 24469 do 16/03/2010 (Jenaro de la Fuente) e nº-24467 do 16/03/2010 (Castela) e coas seguintes observacións formuladas polos servizos municipais:

- O emprazamento exacto dos puntos de luz, situación do centro de mando, arquetas e trazado das liñas definirase conxuntamente cos técnicos municipais no replanteo previo á execución da instalación.
- No ámbito do aparcadoiro da rúa Jenaro de la Fuente:
  - Para a ubicación de colectores de residuos sólidos urbanos fronte ós números 6 e 8 da rúa é necesaria unha lonxitude total de 15 metros.
  - Deberase trasladar o lugar sinalado fronte ó número 20 cara diante do portal do número 16 cunha lonxitude de 5 metros.
  - Dotarase dun novo espazo de lonxitude 12 metros diante do portal do número 22 e manterase o mesmo lugar sinalado diante dos números 26 e 30, pero cunha lonxitude de 12 metros.
  - Na marxe dos números impares da rúa dotarase un novo espazo de 8 metros de lonxitude fronte o portal do número 3, outro de 2,5 metros fronte o portal do número 11 xusto despois do paso de peóns, e outros dous idénticos despois dos pasos de peóns localizados nos cruzamentos coas rúas Aragón e Extremadura.
- No ámbito do aparcadoiro da Avenida Castela:
  - Dotarase unha nova zona de lonxitude 2, 5 metros para a instalación dun colector de residuos sólidos urbanos na marxe dos números impares, xusto despois do cruzamento da rúa Darío Durán e antes do acceso ó aparcadoiro. Colocarase outro idéntico ó anterior diante do portal do número 13 e outro xusto antes do cruzamento coa rúa Estrada na marxe dos números pares.

- Manterase a localización indicada no plano na marxe dos números impares xusto despois da saída do aparcadoiro, pero cunha lonxitude de 15 metros.
- Dotarase unha nova zona de 15 metros diante do portal do número 17 e outra idéntica fronte desta na marxe dos números pares diante do acceso peonil do aparcadoiro.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

rs

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.